

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de marzo de 2021**

Ás 17.05 horas do día 18 de marzo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339664>), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de febreiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 18 de febreiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica respecto a datos que se veñen publicando estes días, que a provincia de Ourense ten a poboación máis envellecida de España, e a súa poboación é a que máis caeu nos últimos corenta anos. Nas dúas primeiras décadas do século XXI, perdeu 37.590 habitantes dende o ano 2000. Pregunta se existe algún plan, estudo o proxecto dende a Deputación, para intentar rachar esta tendencia.

A presidenta da comisión responde que somos a provincia máis envellecida despois de Zamora. Dende a Deputación de Ourense están traballando para intentar reverter esta situación. O tema do reto demográfico e o envellecemento poboacional, é unha realidade que está aí. Espera que cos fondos de recuperación e resiliencia, poidamos canalizar políticas máis eficaces e máis incisivas para reverter este problema do envellecemento da poboación. Non está nas mans da Deputación nin nas da nosa Comunidade. É algo que está pasando en todo o mundo e en toda Europa. O coronavirus demostrou unha mellor calidade de vida e saúde no rural, pero hai unha prioridade que é chegar coa banda ancha a toda a provincia, como foi no seu día a luz eléctrica ou a auga corrente, e iso nos axude a fixar poboación e que os mozos queden aquí.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, á parte de que nos remita aos fondos europeos, reitera a súa pregunta: se existe algún plan, estudo o proxecto dende a Deputación para intentar rachar esta tendencia.

A presidenta da comisión responde que un dos plans que todos coñecen é o Plan Emprendou, que neste momento está activo, e intenta que os nosos mozos non abandonen a provincia, e poidan traballar e iniciar os seus proxectos de autoemprego dentro da provincia. O plan non está indo mal. Hai, nestes momentos, máis de 130 solicitudes de mozos da nosa

provincia en concellos de menos de 50.000 habitantes. Se con isto lle contesto, se non lle darei resposta polas canles que xa coñece.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que recentemente se publicou a taxa de desemprego na provincia de Ourense, que é do 19%. Pregunta se ¿para vostede e para a Deputación esta taxa de desemprego é preocupante? Si ou non.

A presidenta da comisión responde que non lle pode contestar persoalmente. Para ela calquera taxa de desemprego é preocupante. Pero os datos hai que poñelos no seu contexto. A provincia resistiu, pese á situación da pandemia, bastante ben respecto a outras. Non é unha cuestión que se poida contestar rapidamente tal e como a formula. Non é o que ela pense o pense a Deputación. Engade que calquera taxa de desemprego non é motivo de satisfacción para ningunha administración. Indícalle que o pode preguntar dentro doutros órganos do seu partido e facelo chegar, dado que están no goberno de España, que é o goberno que ten a taxa de paro máis alto de Europa. Considera que é unha pregunta bastante frívola nos momentos que estamos a vivir.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que a taxa de desemprego é do 16% a nivel nacional e en Ourense é do 19%. Sinala que non son cifras envexables nun lado e noutro. Aclara que están de acordo que a taxa de desemprego na provincia é preocupante para todas as administración, pregunta se ¿hai algunha medida prevista na Deputación para paliar esta taxa de desemprego e intentar baixala?

A presidenta da comisión responde que nos preocupa a todos, e que lle responderá polos medios oportunos respecto á pregunta relativa ás medidas que se están levando a cabo para atallalas. Engade que todos os deputados coñecen as políticas que se puxeron en marcha este ano, todas as reunións coas asociacións de comercio e as empresariais da provincia, todo o que se puxo en marcha. Preocúpalle a taxa de desempregados que hai a nivel nacional neste momento.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, ten unha pregunta sobre termalismo social, pero dubida se debe facela nesta ou noutra comisión.

A presidenta da comisión indica que debe facela na seguinte comisión xa que ese tema o leva outro deputado.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, indica que no anterior Pleno o seu grupo levou unha moción para crear un premio co nome dunha muller e para homenaxear ás mulleres. Vemos que na modificación de créditos que vai neste Pleno, hai para a CEO un

orçamento de 43.560 euros destinados a un programa de empregabilidade feminina “reactiva Ourense”. Pregunta se non consideran que aquí se discrimina aos homes. No Pleno anterior se falou que se discriminaba aos homes se se daba un premio só as mulleres, e agora se imos facer un programa de empregabilidade feminina ao mellor tamén estamos discriminando aos homes. Faino como unha pregunta ou reflexión.

A presidenta da comisión responde que como pregunta non a entende feita polo seu grupo. Sinala que nada ten que ver no que se discutiu na proposta que vostedes fixeron no Pleno pasado sobre o premio Olimpia Valencia, e que nós defendemos que tal e como vostedes o expuxeron sobre as mulleres que traballaron na primeira liña da pandemia, podía ser discriminatorio. Pero poñer en dúbida un programa coa CEO para fomentar o emprego feminino, o considera incomprensible escoitada por vostedes que son os salvavidas do feminismo, e os que pensan que sempre están na primeira liña da loita polo feminino.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, aclara que non están en contra de este programa para as mulleres. Só que para uns lle parece aceptable pero rexeitaron un premio porque que era dirixido ás mulleres. Aclara que non lle parece que un programa dirixido a reactivar a empregabilidade das mulleres sexa discriminatorio.

A presidenta da comisión responde que agradece esta aclaración, xa que daba lugar a outra interpretación moi distinta. Eran dúas casuísticas completamente distintas en contextos distintos. A moción que vostedes presentaron cunha intención encuberta e nos termos que a presentaron, nós non estabamos de acordo, era discriminatoria. Se a presentasen dunha forma franca, directa, e falando da igualdade da muller, quizá o debate sería distinto, pero era una moción encuberta polo día do 8m, baixo o criterio de homenaxear a mulleres que estiveron na primeira liña do Covid. Nos homenaxeamos a todas as persoas que estiveron na primeira liña do Covid. Non imos volver a abrir o debate que xa houbo no pleno anterior. Isto é unha comisión informativa, non dá lugar a debate.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, pregúntalle ao partido socialista, se creen que a reflexión que fixo onte a súa compañeira Rosario na última comisión en contra da miña persoa e sobre a conciliación familiar, se comparten esas palabras. E quere saber o que opinan o resto dos compañeiros, con independencia da cor política da Corporación sobre o que sucedeu onte. E se opinan o mesmo os compañeiros de partido sobre as palabras de dona Rosario que deixou gravadas na comisión informativa. Se me podedes responder hoxe ou ben o día do pleno.

A presidenta da comisión aclara que nas comisións informativas non se poden facer interpelacións entre os grupos políticos. As preguntas débense dirixir á Presidencia. Entende a pregunta que fai dona Montserrat Lama. Sinala que onte todos, fala polo seu grupo político, sentimos indignación polo gravísimo erro que se cometeu, durante esa comisión, por unha muller respecto a outra muller cun comentario tan vexatorio e machista. Pensa que está fóra de lugar. Entende que está agraviada, ela tamén se sentiu así. En nome do seu grupo lle gustaría que se retirase e se pediran desculpas por esa expresión tan desafortunada, e que non tiña a intencionalidade desas verbas tan duras e de tanta baixeza moral que escoitamos onte.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, solicita ter os datos das axudas por nacementos por concellos.

A presidenta da comisión sinala que cre que eses datos xa se facilitaron ao día seguinte. Comprobará se os remitiron. Se non enviaranse.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, destaca que a Olimpia Valencia se lle outorgar a medalla de ouro de Ourense a título póstumo. Destaca o déficit de recoñecementos ás mulleres. Podíase facer ese recoñecemento.

Respecto ao de onte, indica que non lle gustou. Tampouco lle gustou respecto aos descansos que por problemas médicos, por embarazo dunha compañeira, entende que non debe haber problema por facer un parón duns minutos. Pide unha reflexión, que se pensen as cousas antes de dicilas, estamos aquí facendo política, pero a política ten que servir para dar exemplaridade e facer políticas que sirvan a prol da igualdade. Non entendín as verbas de onte como algo acaído. Ninguén está libre de meter a pata, e o que pasou onte non debería volver repetirse e pide unha desculpa, a título privado. El así o faría.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que estas comisións teñen independencia temática unas doutras e non estamos presentes todos os membros. El non estaba nesa comisión. Agradecería que cando se faga referencia ao que se dixo noutra comisión, que se recordara o que se dixo e como se dixo.

A presidenta da comisión recolle o rogo que facía D. Bernardo Varela de outorgarlle a medalla de ouro da provincia de Ourense a Olimpia Valencia a título póstumo. Lembra que xa se ten recoñecido a figura das mulleres a través do premio ourensanía, como a dona María Luz Barreiros, dona Vitoria Prego, e a doutora María Neira, que non o puido recoller o ano pasado polas circunstancias que todos sabemos. Sinala que ela tampouco estaba onte e o escoitou polas videoactas das comisións, porque lle chegou o comentario. Preferiu escoitalo

directamente como deputada de igualdade. Non sabe se a afectada directamente quere transmitirllo a D. Armando. Iso non o deberíamos seguir facendo. D.^a Montserrat Lama sentiuse agraviada. Todos nos sentimos agraviados. Engade unha reflexión que se as verbas que onte pronunciou unha compañeira deputada doutro grupo político desta institución as dixeran un home, hoxe abriríamos os telediarios a nivel nacional e posiblemente habería unha querela nos xulgados. Non podemos ser as mulleres as que nos ataquemos entre nós dunha forma tan ruín e ordinaria como se fixo onte. Se dona Montserrat Lama quere aclarar e dicir o asunto que a agraviou, que o faga. Este debate non é obxecto de comisións pero lembra que esta é a Comisión de Igualdade.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, aclara que non estivo presente na comisión onde tiveron lugar os feitos que se comentan. Non ten toda a información, non escoitou o diálogo. Deberían estar as dúas partes. Ten certa información, e non coñece o contexto.

A presidenta da comisión insiste en que o seu grupo rexeita todo tipo de comportamentos desta natureza, e roga que a persoa que as emitiu pida desculpas públicas e leve a unha reflexión dos grupos, do que debe ser o diálogo político. Onte se cruzou unha barreira que non se debería cruzar.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, invita a todos os compañeiros a que vexan a videoacta que está na páxina da Deputación dende onte as sete da tarde. Convida todos a que a vexan e reflexionemos. Pídelle ao grupo de goberno que lle dediquemos no pleno uns minutos. Pide que non volva suceder, non foi grato, non é a primeira vez que sufro un ataque deste tipo. E creo que xa está ben. Que ninguén teña que pasar por isto. Pide que non se volva repetir e que non volva suceder. Que ninguén teña que volver a pasar por isto, nin cando estaba embarazada nin cando estaba conciliando con seus fillos. Pide que á parte de políticos que sexamos persoas. Engade que a política debe estar a outra altura, e moitas gazas a todos. Espera poder reflexionar este tema no Pleno.

A presidenta da comisión dá por finalizada a Comisión, e reflexiona indicando que sexamos máis persoas e que a nosa lingua non solte as verbas por diante do noso pensamento. Que as situacións que se viviron non se volvan vivir e non teñamos que volver falar de isto.

E, ás 17.41 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.